

IL CINEMA RITROVATO (HOMENAXE A PETER VON BAGH)

CINE POLACO CONTEMPORÁNEO

CINE ITALIANO CONTEMPORÁNEO

O LATEXO DO MUNDO. 110º ANIVERSARIO
DA ASOCIACIÓN DA PRENSA DA CORUÑA

FILM AS FILM.

AS PELÍCULAS DE GREGORY J. MARKOPOULOS

CINEGALICIA 25

DESENCADRES: STAN BRAKHAGE, ROBERT BEAVERS

CIRCUÍTO

FÓRA DE SERIE: ESTREAS

OFF GALICIA

CGAI JÚNIOR

XUNTA DE GALICIA

IL CINEMA RITROVATO (HOMENAXE
A PETER VON BAGH)

En colaboración con: Cineteca di Bologna, Il Cinema Ritrovato, Filmoteca Española (Madrid), Culturarts-Ivac (Valencia), Filmoteca de Cantabria, Filmoteca de Catalunya (Barcelona), Cinemateca Portuguesa (Lisboa).



Homenaxe a un festival creado pola Cineteca de Boloña hai 28 anos, consagrado á presentación de películas que se consideraban imposibles de encontrar ou que se crían perdidas, provenientes de filmotecas de todo o mundo: www.cinetecadibologna.it/cinema-ritrovato2014. O festival é unha cita ineludible para reflexionarmos sobre a Historia do Cine, con proxecións, obradoiros e conferencias dos máis prestixiosos historiadores e arquivistas do mundo. Esta homenaxe pasou por Bruselas, Helsinki, Oslo e varios puntos de España e Portugal. Consiste en 6 programas formados por filmes restaurados pola Cineteca de Boloña e o seu propio laboratorio, L'Immagine Ritrovata, estreados no marco do festival. O programa foi comisariado por Guy Borlée, actual responsable do festival.

Este programa é unha pequena escolla de películas restauradas pola Cineteca de Boloña tanto en copias en 35 milímetros coma en formato DCP. Dos filmes mudos primitivos aos clásicos italianos, dos acendidos anos vinte á dourada década dos sesenta pasando pola referencia documental (Vittorio de Seta). O traballo internacional engade un clásico indio.

En palabras do tristemente falecido -no setembro pasado- director artístico Peter von Bagh, Il Cinema Ritrovato é o ceo puro dos cinéfilos. Unha maravillosa máquina do tempo lanzada en 1986, a viaxar entre Boloña e o resto do mundo, un percorrido pola Historia do Cine, con películas sonoras ou mudas e moitas veces con música en directo, en celuloide ou dixital. A vindeira edición do festival, a número 29, terá lugar do 27 de xuño deica o 4 de xullo de 2015, con aproximadamente 360 títulos de 1895 ata hoxe, 5 salas dispostas dende o amencer, así como proxeccións ao aire libre na fantástica praza maior de Boloña, Piazza Maggiore, e no patio da Cineteca, na Piazzetta Pasoliní. Oito intensos e memorables días para descubriremos as mellores copias e as restauracións dixitais das filmotecas e arquivos fílmicos máis importantes de todo o mundo, ou atoparmos os protagonistas principais e as películas máis descoñecidas.

Agradecementos: Guy Borlée, Cineteca di Bologna, Il Cinema Ritrovato (Boloña), Filmoteca Española (Madrid), Culturarts- Ivac (Valencia), Filmoteca de Cantabria, Filmoteca de Catalunya (Barcelona), Cinemateca Portuguesa (Lisboa), Surf Films, Video Mercury, Irma Fernández Alonso.

CINEGALICIA 25

Co gallo do 25º aniversario da estreia das primeiras longametraxes galegas en 35 milímetros, respectivamente *Continental*, *Urxa* e *Sempre Xonxa*, creouse unha comisión que tivese como obxectivo xerar unha listaxe ou escolma de filmes do período 1989-2014. Como resultado, nos meses de novembro e decembro de 2014 o CGAI proxectou 25 sesións derivadas da listaxe final. Por cuestións alleas a nós, daquela houbo que adiar un complemento, dado que o ciclo se completaba con tres sesións reservadas aos pioneiros, producións dos anos 70 e 80 previas a esta etapa. Recuperamos agora estas tres sesións.

Sesións curtametraxes pioneiros:

Sesión 1: *Retorno a Tagen Ata* (Eloy Lozano, 1974); *Fendetestas* (Antonio F. Simón, 1975); *O herdeiro* (Miguel Gato, 1976) e *O pai de Migueliño* (Miguel Castelo, 1977).

Sesión 2: *O monte é noso* (Llorenç Soler, 1978); *Tacón* (Xavier Villaverde, 1982); *Mamasunción* (Chano Piñeiro, 1984) e *Río de sombras* (Daniel Domínguez, 1986).

Agradecementos: Mariluz Montes, Carlos López Piñeiro P. C., Xosé Xoán Cabanas Cao, María de las Cuevas, Víctor Ruppén, Carlos Aurelio López Piñeiro, Miguel Castelo, Ábrago Filmes.

FILM AS FILM. AS PELÍCULAS DE
GREGORY J. MARKOPOULOS

En colaboración con: Revista Lumière, The Visible Press, CCCB (Barcelona), Filmoteca de Catalunya (Barcelona), La Casa Encendida (Madrid), MNCA Reina Sofía (Madrid).

“Este ciclo presenta unha antoloxía do traballo de Gregory J. Markopoulos (1928-1992), autor dunha das poéticas fílmicas máis subxectivas e alegóricas no cine experimental de posguerra. Con catro sesións [...], o ciclo é o resultado da colaboración dunha extensa rede internacional de centros de arte e filmotecas que, cadrando coa publicación dos escritos do cineasta, buscan revisar unha obra que xunta experimentación formal e mitoloxía individual.

Contemporáneo de Kenneth Anger, Stan Brakhage ou Maya Deren, Gregory J. Markopulos nace en Estados Unidos, fillo de emigrantes gregos. Esta sensibilidade e condición estranxeira fundamentan as súas incesantes viaxes a Europa desde os anos 50, onde contacta con Jean Cocteau e establece un sentido hermético e mais narcisista da tradición cultural. A partir de *Psyche* (1947), a súa primeira película en 16 milímetros, Markopoulos constrúe un espazo fílmico propio, artellado pola narración biográfica e a tradución e reinterpretación contemporánea de fontes mitolóxicas, literarias ou musicais. Este ciclo introduce as claves dunha poética sensual e excesiva, en que a identidade homosexual, o ritual iniciático e a alegoría orbitan arredor de complexas técnicas de edición e de superposición espontánea de imaxes.

Unha vez desenganado das posibilidades da vangarda de posguerra e escéptico respecto ao papel das institucións, público e circuitos do cine experimental, Markopoulos marcha definitivamente a Europa en 1967 e retira as súas películas de circulación, de modo que transforma a súa obra nun obxecto de culto inatinxible. Coa idea de que un cineasta debe ser responsable de todos os aspectos do seu traballo, concibe *Temenos*, un espazo de peregrinaxe e arquivo monográfico para a presentación, restauración e estudo dos seus filmes, situado en Arcadia, Grecia, o seu lugar de orixe. *Eniaios* é a culminación deste proxecto: 22 ciclos de 80 horas nos que remonta a súa obra, reemprazando o son polo ritmo mental producido pola velocidade das breves imaxes entre grandes intervalos negros ou brancos. Desde 2004, esta obra de arte total é proxectada ao aire libre cada catro anos e convértese así nunha celebración do cine. A de Markopoulos é unha vida ben documentada, en que non deixan de resoar as palabras que el mesmo citaba de Mircea Eliade: *O home ao completo queda comprometido cando escoita os mitos e lendas; conscientemente ou non, a súa mensaxe é sempre descifrada e absorbida no final*”.

Mark Webber

Agradecementos: Temenos, Robert Beavers, Mark Webber, The Visible Press, Revista Lumière, CCCB (Barcelona), Filmoteca de Catalunya (Barcelona), La Casa Encendida (Madrid), MNCA Reina Sofía (Madrid), Alfonso Crespo.

DESENCADRES

As sesións de *Desencadres* deste bimestre presentan sesións dedicadas a habituais do CGAI. Por unha banda, Robert Beavers; polo outro, Stan Brakhage.

En “Escoitando o espazo. Tres filmes de Robert Beavers”, comisariado por Gonzalo de Lucas, en colaboración con Xcentric (CCCB), veremos tres traballos de Beavers: *Listening to the Space in my Room* (2013); *Still Light* (1970/2001); *Sotiros* (1976-78/1996). Beavers controla persoalmente cada proxección dos seus filmes, que son sempre unha excepción: nesta sesión presentamos a súa última película en diálogo con *Still Light* e *Sotiros*, ambas as dúas extraordinarias de ver. Beavers tiña 16 anos cando coñeceu a Gregory Markopoulos, de 37 anos e xa un cineasta reputado, que o animou a deixar a escola e comezar a filmar: xuntos irían pouco despois a Europa, onde Beavers compoñería a súa procura da “filosófica maxestade da imaxe”: “O poder perceptivo do espectador, liberado polos sentidos e non pola empatía dramática, comeza a comprender o que compón o filme e as súas harmonías...”. A obra de Beavers é unha meditación prodixiosa, de extrema meticulosidade, sutileza e emoción, sobre os procesos e materias do cine (o corte, a luz, a emulsión, o son): os acenos artesanais e manuais (da xardinería ou da música) harmonízanse cos acenos da montaxe, ampliando e poetizando a visibilidade dos mínimos eventos.

Os dous programas de Stan Brakhage que se proxectan o 27 de febreiro proseguen a liña autobiográfica xa vista en series como *Scenes From Under Childhood* ou *Sincerity*. As tres películas de 1970, *The Weir-Falcon Saga*, *The Machine of Eden* e *The Animals of Eden and After*, están centradas no quinto fillo de Brakhage, Rarc, na súa enfermidade, convalecencia e recuperación. *Duplicity* (1978), *Duplicity II* (1978) e *Duplicity III* (1980) conforman conxuntamente coas cinco partes de *Sincerity* (proxectadas en outubro) o núcleo de todo este proxecto autobiográfico protagonizado polos cinco fillos que Brakhage tivo coa súa primeira muller, Jane Collom.

Agradecementos: Canyon Cinema (San Francisco), CCCB (Barcelona), Gonzalo de Lucas, Robert Beavers.

CINE POLACO CONTEMPORÁNEO

En colaboración co Instituto Polaco de Cultura.



Nova aproximación ás vías narrativas do cine polaco actual en que se amosa a súa vitalidade e a súa pluralidade. Unha selección de seis títulos desta cinematografía histórica organizada polo mesmo Instituto Polaco de Cultura. O ciclo percorre outras filmotecas españolas, viaxando por Madrid, Barcelona, Granada, Córdoba, Sevilla, Valencia, Murcia, Tenerife ou Zaragoza.

O LATEXO DO MUNDO

En colaboración coa Asociación de la Prensa de La Coruña.

Con motivo do 110º aniversario da *Asociación de la Prensa de La Coruña*, organizamos un ciclo que, fuxindo da listaxe tópica de títulos que relacionan cine e xornalismo, trata de se achegar a cuestións relevantes de actualidade para xerar debates con xornalistas presentes en cada sesión. Deporte, música, conflitos políticos locais e internacionais, unha boa variedade de temas e coloquios dentro de filmes recoñecidos e con carácter de estreia.

Álex de la Iglesia reflicte en *Messi* a figura simultaneamente tímida e estelar do futbolista xentino. *20.000 días en la tierra* achégannos ao inquieto músico australiano Nick Cave. Ucrania e Siria son focos da atención mundial e así aparece expresado en *Maidan* e *Silvered Water-Syria Self-portrait*. A película española premiada en Sevilla *ReMine, el último movimiento obrero* mostra as mudanzas e complexidades nas loitas políticas históricas, cun caso vinculado á minería asturiana como estandarte.

Completamos –sen coloquio– cunha loita de loitas, a da Comuna de París, exemplarmente descrita (con agudas pontes cara á era moderna) en *La Comuna* de Peter Watkins, cineasta obsesionado, entre outras cousas, cos medios de comunicación, unha circunstancia que facilita algúns dos momentos máis sorprendentes deste título acabado de editar en formato DVD por Intermedio.

FÓRA DE SERIE

Os meses de xaneiro e febreiro chegan con estreas moi agardadas, entre elas os últimos filmes de Lisandro Alonso (*Jauja*), Godard (*Adiós al lenguaje*), Xavier Dolan (*Mommy*). En *Jimmy P.*, indagación clínica cunha parella de actores épica (Mathieu Amalric e Benicio del Toro) recuperamos a Arnaud Desplechin. E o cine israelí *I think this is the closset to how the footage looked* (2013) de Yuval Hamieri; a suíza *In august* (2014) de Jenna Hasse; a curta sueca *Instead of Abracadabra* (2008) de Patrik Eklund, finalista ao Oscar; a curta de animación británica *Light Motif* (2014) de Frédéric Bonpapa; o vídeo musical coprodución entre Estados Unidos e Xapón *Rainfall-My Panda Shall Fly* (2013) de Yoshihide Sodeoka; a sudafricana *Staff Riding* (2013) de Marco Casino; a canadense *Subconscious Password* (2014) de Chris Landreth; *The Last Days of Peter Bergmann* (2013), documental irlandés dirixido por Ciaran Cassidy e o vídeo musical producido en Canadá *Timber Timber-Beat the Drum Slowly* (2014) de Chad Vangaalen.

MARTES



xaneiro

07

🕒 18.00 horas

Cine polaco

Papusza

Joanna Kos-Krauze e Krzysztof Krauze, 2013.
131'. Vídeo HD.
Subt. castelán.

🕒 20.30 horas

Cine polaco

Rascacielos flotantes

Tomasz Wasilewski, 2013.
89'. Vídeo HD. Subt. castelán.

xaneiro

13

🕒 20.30 horas

Fóra de serie

La jungla interior

Juan Barredo, 2014.
75'. DCP.
Presentación polo seu autor.
Entrada de balde.

xaneiro

20

🕒 20.30 horas

Il Cinema Ritrovato

Curtametraxes

mudas
(Gaston Velle, 1906-1914)
Maciste l'uomo forte
(Vincenzo Denizot e Luigi Romano Borgnetto, 1915)
93'. 35mm.
Acompañamento ao piano:
Irma Fernández Alonso.
Subt. galego.

xaneiro

27

🕒 18.00 e 20.30 h.

Il Cinema Ritrovato

Curtametraxes de Vittorio de Seta

(1954-1955)
63'. 35mm. Subt. galego.

febreiro

03

🕒 18.00 e 20.30 horas

Il Cinema Ritrovato

Estrella nublada
Ritwit Ghatak, 1960.
126'. DCP. Subt. galego.

febreiro

10

🕒 18.00 e 20.30 h.

Cine italiano

È stato il figlio

Daniele Cipri, 2012
90'. DCP.
Subt. castelán.



febreiro

24

🕒 18.00 e 20.30 h.

Cine italiano

L'intervallo

Leonardo di Costanzo, 2012
90'. DCP.
Subt. castelán.

MÉRCORES

xaneiro

07

🕒 18.00 horas

Cine polaco

Papusza

Joanna Kos-Krauze e Krzysztof Krauze, 2013.
131'. Vídeo HD.
Subt. castelán.

🕒 20.30 horas

Cine polaco

Rascacielos flotantes

Tomasz Wasilewski, 2013.
89'. Vídeo HD. Subt. castelán.

xaneiro

14

🕒 18.00 e 20.30 h

Fóra de serie

Jauja

Lisandro Alonso, 2014. 108'.
DCP.

xaneiro

21

🕒 18.00 e 20.30 h.

Il Cinema Ritrovato

Ma l'amor mio non muore!

Mario Caserini, 1913.
80'.
DCP. Subt. galego.

xaneiro

28

🕒 18.00 e 20.30 h.

Il Cinema Ritrovato

Llegan los bribones

Mario Monicelli, 1960.
105'. DCP. Subt. galego.

febreiro


04

🕒 18.00 e 20.30 h.

Il Cinema Ritrovato

Matrimonio a la italiana

Vittorio de Sica, 1964. 102'.
DCP. Subt. galego.



febreiro

11

🕒 18.00 e 20.30 h.

Cine italiano

Romanzo di una strage

Marco Tullio Giordana, 2012.
129'. DCP.
Subt. castelán.

febreiro

18

🕒 20.30 horas

Markopoulos 1

Psyche

(1947)
Lysys (1948)
Charmides (1948)
60'. 16mm.
Presentación por Alfonso Crespo (Revista Lumière).

febreiro

25

🕒🕒 20.00 horas

Cine italiano

Noi credevamo

Mario Martone, 2010
170'. 35mm.
Subt. castelán.

XOVES

xaneiro

08

🕒 18.00 horas

Cine polaco

Imagine

Andrezj Jakimowski, 2013.
101'. Vídeo HD.
Subt. castelán.

🕒 20.30 horas

Cine polaco

Mundial: Todo en juego

Michal Bielawski, 2014.
96'. Vídeo.
Subt. castelán.

xaneiro

15

🕒 18.00 horas

CineGalicia 25: Pioneiros

Curtametraxes (I)

(1974-1977) 69'. 35mm/16mm.
Entrada de balde.

🕒 20.30 horas

O latexo

Messi

Álex de la Iglesia, 2014.
93'. DCP. Presentación.

xaneiro

22

🕒 18.00 horas

CineGalicia 25: Pioneiros

Curtametraxes (II)

(1978-1986)
89'. 35mm/vídeo. Entrada de balde.

🕒 20.30 horas

O latexo

20.000 días en la Tierra

Iain Forsythe Jane Pollard, 2014.
95'. DCP. Subt. castelán.
Presentación.

xaneiro

29

🕒 18.00 horas

CineGalicia 25: Pioneiros

Malapata

(Carlos A. López Piñeiro, 1980) (+Illa) 112'. 35mm.
Entrada de balde.

🕒 20.30 horas

O latexo

ReMine,

el último movimiento obrero

Marcos M. Merino, 2014.
101'. DCP. Presentación.

febreiro

05

🕒 20.30 horas

O latexo / Circuito

Maidan

Sergei Loznitsa, 2014.
130'. Vídeo HD. Subt. castelán.
Presentación.

febreiro

12

🕒 20.30 horas

O latexo

Silvered Water-

Syria Self-portrait

Wiam Bedirxan e Ossama Mohammed, 2014. 92'.
DCP. Presentación. Subt. castelán.

febreiro

19

🕒 20.30 horas

Markopoulos 2

Bliss

(1967)
Gammelon (1968)
60'. 16mm.
Presentación: Alfonso Crespo.



febreiro

26

🕒 18.00 e 20.30 h

Fóra de serie

Adiós al lenguaje (2D)

Jean-Luc Godard, 2014. 70'.
DCP.
Subt. castelán.

VENRES

xaneiro

09

🕒 18.00 horas

Cine polaco

Jack Strong

Wladislaw Pasikowski, 2014.
127'. Vídeo.
Subt. castelán.

🕒 20.30 horas

Cine polaco

Deep Love

Jan P. Matuszynski, 2013.
84'. Vídeo.
Subt. castelán.

xaneiro

16

🕒 18.00 e 20.30 h

Fóra de serie

Mommy

Xavier Dolan, 2014. 139'.
DCP.
Subt. castelán.

xaneiro

23

🕒 18.00 horas

Fóra de serie

Futureshorts

VV.AA., 2008-2014. 89'.
Vídeo.
Subt. castelán.

🕒 20.30 horas

Circuíto

Soy mucho mejor que vós

Che Sandoval, 2013. 85'.
Vídeo HD. Subt. castelán.

xaneiro

30

🕒 18.00 e 20.30 h

Fóra de serie

Jimmy P.

Arnaud Desplechin, 2013.
117'. DCP.
Subt. castelán.

febreiro

06

🕒🕒 17:30 horas

Fóra de serie / O latexo

La Comuna I
Peter Watkins, 2000. 164'.
Vídeo. Subt. castelán.

🕒 20.30 horas

Fóra de serie / O latexo

La Comuna II

Peter Watkins, 2000. 181'.
Vídeo. Subt. castelán.
Entrada de balde.

febreiro

13

🕒 20.30 horas

Desencadres: Robert Beavers

Listening to the Space in my Room (2013)
Still Light (1970/2001)
Sotiros (1976-1978/1996)
69'. 16mm./35 mm.

febreiro

20

🕒 18.00 horas

Markopoulos 3

Portraits

(1967-1975)
61'. 16mm.
Presentación: Alfonso Crespo.

🕒 20.30 horas

Markopoulos 4

The Illiac Passion

(1964-1967)
91'. 16mm.
Presentación: Alfonso Crespo.

febreiro

27

🕒 18.00 horas

Desencadres: Stan Brakhage

The Weir-Falcon Saga / The Machine of Eden / The Animals of Eden and After (1970)
90'. 16mm.

🕒 20.30 horas

Desencadres: Stan Brakhage

Duplicity / Duplicity II / Duplicity III (1978-1980)
73'. 16mm.

SÁBADO

xaneiro

10

🕒 18.00 horas

Off Galicia

Por que non cantades todas

(Diana Toucedo, 2014)
Josman (#dMudanza)
(Iago González, 2015)
25'. Vídeo.
Presentación de Iago González.
Entrada de balde.

xaneiro

17

🕒 18.00 horas

Off Galicia

Crac

Lázaro Louzao, 2015. 32'.
Vídeo HD.
Presentación. Entrada de balde.

xaneiro

24

🕒 18.00 horas

CGAI Júnior

Ladrón de bicicletas

Vittorio de Sica, 194. 88'.
DCP.
Subt. castelán. Entrada de balde.

xaneiro

31

🕒 18.00 horas

Off Galicia

I ante aquel silencio mudo

Marina Chiavegatto e Millán Castro, 2014.
26'. Vídeo HD. Presentación.
Entrada de balde.

febreiro

07

🕒 18.00 horas

Off Galicia

ADSL

Manuel G. Bonome, 2015.
24'. Vídeo HD. Presentación.
Entrada de balde.

febreiro

14

🕒 18.00 horas

Off Galicia: Vicente Vázquez e Usue

Arrieta
Goitik behera, behetik gora (2012)
The Exhaust Note (2013)
90° Doble Vertiente (2013)
120'. Vídeo HD. Presentación.
Entrada de balde.



febreiro

21

🕒 18.00 horas

Fóra de serie

El Peor Dios

Daniel Arasanz, Alex Montes e Nicolás Tarela, 2013.
86'. Vídeo HD. Presentación.
Entrada de balde.

febreiro

28

🕒 18.00 horas

Cgai Júnior

Ernest & Celestine

Stéphane Aubier, Vincent Patar e Benjamin Renner, 2012.
80'. DCP. Versión castelá.
Entrada de balde.